

## Actividades ano 1993:

Por primeira vez, neste ano 1993, Ano Santo de renomeado prestixio en Galicia, a directiva fixo saber, por vez primeira, en asemblea do 18 de decembro, do seu agradecemento a todos os socios/as que coa súa achega económica fixeron posible a realización de actividades e o seu mantemento, así como a todas aquelas persoas que desinteresadamente colaboraron decotío nas actividades e na decoración da casa.

Agradeceron tamén ao Concello de Silleda presidido polo seu alcalde e Corporación, a gran axuda que realiza durante todo o ano no mantemento destas instalacións, ademais doutras colaboracións.

Á Academia Coesco pola súa axuda á realización do curso de Automatización e Xestión de PEMES e á Exma. Deputación Provincial de Pontevedra a axuda económica prometida, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por concederes un Curso de Iniciación de Galego, e á Consellería de Traballo e Servicios Sociais pola concesión do Curso de Automatización e Xestión de PEMES.

Tamén queremos agradecer a colaboración que nos prestan hoxe estes tres grupos que van a actuar, os cales son unha representación das asociacións musicais que existen na Bandeira. Así mesmo, a aquelas asociacións e persoas que día tras día nos presta o seu apoio, expresóuselles o agradecemento máis sincero.

### Actividades:

Seguiu a asociación facendo moito fincapé na formación, na que veremos incrementar os esforzos nas máis variadas modalidades, así volvemos ter curso de mecanografía, no que se matricularon 25 persoas das que chegaron a rematar o curso 14 alumnos. Comezou o día 12 de xaneiro e finalizou o 29 de abril. Para a maior comodidade dos alumnos realizouse en dúas quendas horarias, a primeira de 7 a 8,30 da tarde e o segundo dende as 8,30 ata as 10 da noite.

Proseguíronse as clases de guitarra, laude e bandurra, iniciadas o ano anterior, para xente de todas as idades, tamén para e tamén par o mellor desenvolvemento, fanse as quendas horarias, a primeira dende as 7,30 ata as 8,30 da tarde nas que participan os mais pequenos, e das 8,30 ata as 10,30 da noite para os adultos, que por razóns de traballo non poden asistir noutra hora. Ten unha gran acollida entre a xente asistente, e nesta altura, o número de matriculados sobrepasaba os 30 alumnos/as, non tendo límite de idade. O día 22 de febreiro, celebrouse a festa infantil do Entroido, na que os rapaces e rapazas, tiveron a oportunidade de lucir os mellores disfraces e ao mesmo tempo pasar unha divertida tarde de Entroido. Ao final da festa servíuselles unha pequena merenda aos asistentes e foron premiados os mellores disfrazados.

Como novidade, atopamos este ano, un curso de especialidade, dedicado aos comerciantes locais. Foi un curso de escaparatismo, impartido dende o día 1 ata o 12 de marzo, os comerciantes, e outras persoas desta localidade e algunha doutro concello veciño, tiveron a oportunidade de seguir esta acción formativa, organizada pola Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra para os seus asociados. Tivo unha duración de 30 horas, o mestre Dn. José Antonio Dapena impartíulles clases teórico-prácticas a 15 persoas profesionais do comercio, que aprenderon a darlle un novo estilo aos seus escaparates.

Neste ámbito, destacou moito o curso de Automatización e Xestión de Pemes, Concedido pola consellería de Traballo e Servicios Sociais, comezou o día 29 de setembro e clausurouse o 1 de decembro. Foron seleccionados 15 alumnos dos que acabaron o curso 13, que recibiron unha bolsa de 22.250 pts. por mes para manutención e desprazamento.

No apartado lúdico, e tamén de nova creación, e con gran éxito de afluencia, celebrouse o curso de baile de salón, durante as fins de semana do mes de maio, nel participaron preto de 40 persoas, todas elas emparelladas. Coas especialidades de Pasodobre, Bolero, Cha-cha-cha, Fox-trot, Tango, Vals, etc. e aínda que os participantes non saíron sendo uns profesionais do baile, algo parece que se lles notou, ao velos bailar nas romarías que tiveron lugar durante o verán.

Volveron tamén a organizarse excursións, e o día 27 de xuño, 37 veciños/as desta localidade emprendemos unha pequena ruta turística en autocar. Con saída da Bandeira nesa mañá do domingo ás 7, o primeiro punto de parada foi Valença en Portugal, onde o que máis e o que menos fixo as súas pequenas compras, despois de estar alí algún tempo, seguiron adiante ata chagar de visita ao Monte de Santa Tecla e onde todos/as nosos asociados excursionistas, admiramos a paisaxe aínda que non foi moito, a causa da néboa que alí había, seguindo a ruta paramos a comer nun restaurante de estrada, e logo seguiu a viaxe cara a Baiona onde estiveron un bo anaco, despois, bordeando a costa, por Vigo, e como xa non daba tempo para mais, retorno á Bandeira a onde chegaron aproximadamente ás 9 da noite. Destacable foi, que esta excursión fíxose totalmente gratis para os socios. Despois desta experiencia, intentouse o día 10 de outubro, unha viaxe á festa do marisco, que se celebra todos os anos na localidade pontevedresa do Grove, mais non foi posible xa que non se anotaron mais que 8 persoas das que 4 xa eran da Directiva, e non se levou a cabo.

No apartado de formación, seguiuuse coa preocupación polo galego, e ao igual que en anos anteriores a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, concedeu a realización dun curso de Iniciación de Galego. Matriculáronse 40 alumnos dos que acadaron a cualificación de Apto 33. As datas de realización, foron do 20 de setembro ao 1 de decembro. Como nos pasados anos, tamén este se realizou un curso dirixido a persoas que non puideron obter o título de Graduado Escolar no seu día. Estas clases

impárteas o Centro ECCA e as clases foron todos os martes ás 8,30 da tarde, para finalizar no mes de xuño de 1994.

Seguiron tamén as clases de baile tradicional impartidas por membros de Xirandola, os venres para os máis pequenos, os sábados á mañá tamén para os pequenos e non tan pequenos e á tarde para os maiores. Importantísimas tamén son as clases de solfexo, metal e madeira, organizados pola Banda de Música de Bandeira. Os mércores e sábados pola mañá danse clases de solfexo e metal, e tamén os sábados pola mañá hai clases de saxo e clarinete. Esta actividade mantense durante todo o ano.

Realizouse tamén un Curso de Iniciación á Informática, que comezou o martes día 14 de decembro cunha matrícula de 40 alumnos e alumnas, quedando esgotadas todas as prazas, este curso vai rematar a mediados de marzo do vindeiro ano.

O día 25 de Decembro do pasado ano todos os rapaces da comarca tiveron a oportunidade de pasar un rato agradable en compañía de Papá Noel. Contamos coa actuación da Banda de Música que acompañou a Papá Noel cun pasarrúas por toda a vila. Xa dentro do Centro, os rapaces puideron asistir a unha representación do Guiñol “Falcatrúa” coa obra: “Linocho e a Lua”, e por último repartíronse caramelos, larpeiradas e outros regalos aos asistentes.

### **Biblioteca:**

Como é costume, a biblioteca segue o seu normal funcionamento durante todo o ano, serve de punto de reunión para que os rapaces poidan facer os traballos que lles poñen no colexio e consultar libros que nas súas casas non teñen.

Cabe subliñar o esforzo que se está levando a cabo por parte da Directiva na adquisición de libros. Cando algunha persoa necesita un libro que aquí non hai, inténtaselle conseguir no prazo de tempo mais breve posible, así desta maneira esta persoa non ten que compralo e ao mesmo tempo aumentamos os volumes que non temos.

Podemos destacar como datos mais curiosos que este ano foron levados en préstamo, mais de 250 exemplares, así como tamén, que pasaron pola biblioteca mais de 550 persoas, na súa maioría rapaces que viñeron ler algún libro ou facer traballos sobre algún tema concreto.

Aínda que este ano non puidemos adquirir todos aqueles libros que nós quixéramos, temos a cifra deste ano, polo que contamos cun número de 1.030 exemplares, repartidos en novelas, contos, enciclopedias, teatro, poesía, filosofía, literatura galega, etc.

### Colaboracións:

No apartado de colaboracións, ademais das habituais, coa Banda de Música, Xirandola, a Sociedade Deportiva, Galitrans, etc, este ano temos constancia da aproximación á Asociación de Veciños, xa que tamén esta Asociación ten aquí a súa sede, e como aos outros colectivos, tamén a este se lles facilitan os locais necesarios para realizar as reunións de traballo, as asembleas cos veciños e demais actos que realicen.

Houbo colaboración tamén coa unidade móbil do Hospital Montecelo de Pontevedra, que realizou dúas actuacións na Bandeira, unha foi o día 8 de maio e a outra o 27 de novembro. O Centro colaborou con eles mandando circulares informativas aos veciños, sacando notas de prensa, etc.

### Adquisicións:

Fixemos neste ano un esforzo na adquisición de material ofimático, e coa colaboración do Concello de Silleda, levouse a cabo a adquisición dunha fotocopiadora, que tanta falta facía, e a adquisición dun fax.

### Próximas actividades:

A directiva fixo plans que para o vindeiro ano 1994, que ademais do xa habitual, presentan como novidade: Rematar un curso de informática, xa comezado o 14 de decembro e que durará ata mediados de marzo, un curso de Cociña, xa que os anteriores que se fixeron tiveron un gran éxito, un curso de Mecanografía: *Xa que o que fixemos anteriormente, gustou entre os asistentes*, este ano volveremos a repetilo. No apartado de excursións, van intentar repetir a experiencia deste ano viaxando pola nosa terra para coñecerla un pouco mellor, e levar a cabo un curso de Manualidades, atendendo á petición de varias persoas que están interesadas en aprender a facer cousas coas que poidan decorar o seu fogar.

E rematou o ano, tal e como vén sendo habitual, o día 18 de decembro do 93, ás 8 da tarde, celebramos a festa dos socios coas actuacións dun Grupo de Metais da Banda, un Grupo de Pandeireteiras do Grupo Xirandola e maila Rondalla do Centro. Ao finalizar estas actuacións todos os asistentes foron convidados a uns pinchos.

Rematou o noventa e tres, coa Festa de Fin de Ano, organizada pola Sociedade Deportiva de Bandeira, contando coa asistencia de numerosas persoas que aquí puideron atopar un lugar tranquilo onde poder festexar a chegada do ano novo.